

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **16 de novembro de 2017**

ASISTENTES:

<p>PRESIDENTE: D. Manuel Doval Soto</p> <p>DEPUTADOS/AS: D.^a Ana M.^a Villarino Pardo D. José Antonio Feijóo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D.^a M.^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. Adolfo González Nóvoa D.^a Isabel Gil Álvarez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez</p> <p>SECRETARIO: D. Juan Marquina Fuentes</p> <p>INTERVENTORA ACCTAL.: D.^a Begoña Álvarez Matos</p>	<p>No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 16 de novembro de 2017, ás 18.00 horas, baixo a presidencia de don Manuel Doval Soto e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes ditames:</p>
---	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2017.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de outubro de 2017, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- EXPEDIENTE DE CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA, A TÍTULO PÓSTUMO, A DON CARLOS CASARES.-

O **presidente da comisión** expón o contido da súa proposta.

D. José Antonio Feijóo Alonso, do Grupo Popular, pide a palabra para apuntar que tivo ocasión de coñecer persoalmente á persoa de Carlos Casares cando lle tocou ocupar cargos de responsabilidade no Concello de Xinzo de Limia. Di que era unha persoa que inspiraba tranquilidade, sosego e diálogo, que sempre tivo moi boa relación con Xinzo de Limia e que alí se lle considera un referente e que sen dúbida a súa perda foi moi lamentada en toda a Comarca da Limia pola gran repercusión que tivo no panorama cultural galego.

D. Adolfo Conde Gómez, do Grupo Socialista, concreta, a título de anécdota, que Carlos Casares e o seu irmán, cando eran nenos, pasaban parte do verán cun tío seu, que era sacerdote precisamente no pobo onde el vivía. Canto que tivo ocasión de coñecelo, se ben persoalmente empatizou máis co irmán pequeno de Carlos Casares. Desde o punto de vista literario, manifesta ser un gran seguido da súa obra: primeiro como lector e despois como docente, e que en máis dunha ocasión recomendoulles a súa lectura aos alumnos aos que lles impartiu clases.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, intervén para constatar tamén a unanimidade que hai en Xinzo de Limia ao redor da figura de Carlos Casares. Lembra que recentemente o Pleno do Concello, por unanimidade, solicitou o cambio do nome dun dos colexios públicos, para que pasase a chamarse Carlos Casares e que incluso a praza onde se sitúa o Concello leva o nome desta persoa. Manifesta que o BNG está totalmente a favor da proposta e que así será o sentido do seu voto.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, manifesta que o seu grupo se absterá neste punto da orde do día.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) e a abstención do Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Outorgarlle a título póstumo a medalla de ouro da provincia ao destacado intelectual ourensán Carlos Casares Mouriño, como homenaxe da provincia de Ourense e recoñecemento do noso pobo a toda unha longa traxectoria cultural e

social marcada polo seu carácter conciliador que forxou na súa etapa máis ourensá. Todo isto de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, reitera a solicitude de información realizada na última comisión, relativa á Real Banda de Gaitas da Deputación.

O **presidente da comisión** contesta que requirirá de novo aos servizos responsables para que lle sexa remitida canto antes a contestación.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 18:30 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.